

CONVOCATORIA 2017

Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, convoca o programa de mobilidade transnacional xuvenil Galeuropa 2017

Prazo de presentación de solicitudes: desde o día 16 de maio ao 15 de xuño de 2017 (ambos días incluídos)

OBXECTO DAS AXUDAS: realización de prácticas formativas non retribuídas en empresas/entidades públicas ou privadas de países europeos.

*Alemaña, Austria, Bélxica, Bulgaria, Chipre, Croacia, Dinamarca, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Finlandia, Francia, Grecia, Hungría, Irlanda, Italia, Letonia, Lituania, Luxemburgo, Malta, P. Baixos, Polonia, Portugal, *Azores, *Madeira, R. Checa, R. Unido, Romanía e Suecia.*

Obxectivos que se pretenden acadar:

- incrementar as posibilidades de inserción laboral para a mocidade
- complementar a competencia profesional e persoal
- adquirir competencias en idiomas estranxeiros e reducir os obstáculos lingüísticos
- fomentar a autonomía persoal

DURACIÓN DAS PRÁCTICAS FORMATIVAS: mínimo de 2 meses e máximo 3 meses consecutivos. Rematará en todo caso o 30 de novembro de 2017. Mínimo de 100 horas mensuais.

QUEN PODE REALIZAR A MOBILIDADE TRANSNACIONAL?

A mocidade non ocupada e non integrada nos sistemas de educación ou formación, inscrita no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil (SNGX) no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, que manteña todos os requisitos de inscrición no momento da selección, agás o de idade.

Requisitos de inscrición no ficheiro do SNGX:

- Ter máis de 16 anos e menos de 30 no momento de solicitar a inscrición do ficheiro
- Non ter traballado no día natural anterior ao momento de recibir a actuación.
- Non ter recibido accións educativas no día natural anterior ao momento de recibir a actuación.
- Non ter recibido accións formativas no día natural anterior ao momento de recibir a actuación.

Para inscribirse no SNGX: <http://www.empleo.gob.es/es/garantiajuvenil/home.html>

3 LIÑAS DE AXUDAS			
	BS324A	BS324B	BS324C
Beneficiarios/as:	Mozos e mozas inscritos no SNGX no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, maiores de 18 anos e menores de 30	Entidades sen ánimo de lucro , con sede ou domicilio social en Galicia, que desenvolvan actividades no ámbito da xuventude	Concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, agrupacións de concellos ou mancomunidades validamente constituídas, e entidades resultantes da fusión de municipios
Orzamento:	676.515,40 €	1.000.000 €	500.000 €
Tipos de axudas: (baseadas en custos simplificados – de baremos standard-establecidos na convocatoria)	Apoio lingüístico (150€)	Apoio á organización e execución da mobilidade: a) Apoio a aspectos organizativos: inclúe apoio lingüístico a participantes (550€ por participante) b) Apoio á execución do proxecto: - Apoio para gastos de viaxe e estancia no país de destino do persoal da entidade de envío. (gastos de viaxe, manutención e aloxamento diarios segundo o país de destino, o número e duración das mobilidades). Inclúe as viaxes de busca de socios. - Apoio para a entidade socia na acollida.(custos diarios segundo o país de destino, o número e a duración das mobilidades)	
	Viaxe (gastos viaxe de ida e volta da persoa participante segundo o país de destino da mobilidade)		
	Aloxamento e manutención (custos/mes/día para cada participante segundo o país de destino)		

A realización da mobilidade xerará o dereito ás persoas participantes para a expedición do certificado de experiencias en educación non formal en materia de xuventude (Orde do 26 de febreiro de 2015,DOG núm. 57 do 25/03/2015).

Para máis información: 981 544 645, 981544854, 88199567 <http://www.xuventude.xunta.gal>
 - mozos/as galeuropain-garantiajuvenil@xunta.gal
 - entidades sen ánimo de lucro e concellos galeuropapr-garantiajuvenil@xunta.gal
 Para inscribirse no SNGX: <http://www.empleo.gob.es/es/garantiajuvenil/home.html>

[DOG do 15 de maio de 2017](#)

http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20170515/AnuncioG0425-030517-0003_gl.pdf